

100 ANOS CON ALEJANDRO DE LA SOTA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Santiago de Compostela

Comisario: Moisés Puente

Inauguración: 16 de abril ás 20:00 h
Do 16 de abril ao 15 de xuño de 2014
Planta primeira

Exposición producida por: 

En colaboración con: 

ALEJANDRO DE LA SOTA, OU A CONSTRUCCIÓN DUN MITO

Alejandro de la Sota (Pontevedra, 1913 - Madrid, 1996) é probablemente o arquitecto moderno español que máis paixóns levantou. A súa obra é obxecto de peregrinacións de estudantes e arquitectos en busca dun xeito de facer único, ao encontro dunha revelación case máxica. Tamén as súas palabras resoan como *mantras* que se repiten incansablemente nas escolas de arquitectura. Non obstante, a construción do seu mito responde a un programa ben trazado e estruturado do que non só é responsable o propio De la Sota, senón tamén parte da chamada “escuela sotiana”, empeñada en ocasións nunha lectura inequívoca da obra que acabou oprimindo o personaxe.

En 2013 cumpríronse cen anos do nacemento de Alejandro de la Sota. Como toda data conmemorativa, este aniversario bríndanos a escusa perfecta para recapitular sobre a súa figura, a súa obra, o seu maxisterio e, o que parece máis pertinente, sobre a actualidade do seu legado. Calquera mirada nova ao pasado debería ser unha mirada redentora que nos achegue parte do devandito pasado a un agora que sirva como caixa de resonancia.


1. Tras estudar o bacharelato na súa Pontevedra natal, Alejandro de la Sota matriculouse na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela (por entón un requisito imprescindible para poder estudar arquitectura). Á súa chegada a Madrid para iniciar os seus estudos superiores, a Escola de Arquitectura vivía tempos incertos entre a ditadura de Primo de Rivera e a instauración da Segunda República. Despois de interromper os seus estudos a causa da Guerra Civil, Alejandro de la Sota obtivo o título de arquitecto en 1941.

En outubro dese mesmo ano entrou a traballar no Instituto Nacional de Colonización, aínda que non tardou en abandonar ese posto para traballar con outros arquitectos da súa xeración. Tras algúns pequenos encargos na súa Galicia natal e outros poucos de reformas interiores, as súas primeiras obras de envergadura combinaban influencias derivadas da posta en valor das arquitecturas populares con tímidas aproximacións ao moderno. A mediados da década de 1950, en pleno arranque da súa carreira, construíu varias vilas para o INC en Andalucía, Cataluña e Extremadura —entre os que destaca a vila de Esquivel (Sevilla, 1952-1963)— e o poboado de absorción de Fuencarral B (Madrid, 1955-1956), todos eles exercicios de estilo no

popular na liña do que se estaba a facer en España por aquela época, pero cun especial énfase na abstracción. Foi tamén nesa época cando ensaiou exercicios con diferentes linguaxes, desde o expresionismo da hoxe desaparecida casa Arvesú (Madrid, 1953-1955), pasando polo certo carácter neoplástico do pavillón da Cámara Sindical Agraria de Pontevedra na Casa de Campo (Madrid, 1956), ata os exercicios á italiana das vivendas en Zamora (1956-1957).

Non obstante, e isto é algo que pasou máis desapercibido aos que falaron sobre el, desde os inicios da súa carreira profesional de arquitecto, De la Sota marcouse unha axenda teórica que, na súa primeira etapa, pasou por publicar con certa asiduidade artigos en prensa xeral e especializada. Cunha obra construída moi na liña do que se estaba a facer na España de posguerra entón, a publicación das súas obras (que van aparecendo nos diversos números da *Revista Nacional de Arquitectura* da época) e dos seus textos sérvenlle para posicionarse no ambiente cultural madrileño e nacional, e para embarcarse nunha defensa do moderno que máis tarde se tornará acérrima. Parece que nesta primeira etapa os seus textos transitasen polos mesmos camiños que a súa obra construída, coa típica présa xuvenil de ensaio de diversos temas e a aprendizaxe que supón expoñerse a debates públicos e convites a participar nas revistas nacionais máis importantes da época.

Nos seus textos de entón intúese unha aposta valente pola modernidade, por unha actitude ética e comprometida que, pouco despois, quedará evidenciada nun dos momentos clave da súa traxectoria profesional. Cara a 1955, en pleno arranque dunha prometedorra carreira, Alejandro de la Sota deixou de traballar voluntariamente uns anos para pensar que camiño debía tomar. Foi entón cando, nas súas propias palabras, decidiu “optar por



Alejandro de la Sota: casa Arvesú. Madrid, 1953-1955.
Cortesía de Fundación Alejandro de la Sota



Alejandro de la Sota: ximnasio do colexio Maravillas. Madrid, 1960-1962. Cortesía de Fundación Alejandro de la Sota

unha arquitectura física en contraposición a unha química, na que ningún elemento se mestura con outro para producir un terceiro, senón que, coas pinzas, sempre poidas dar con toda a personalidade do elemento”.

2. Foi durante esa paréntese laboral cando Alejandro de la Sota descubriu, entre outras cousas, a lixeireza da construción americana, a montaxe en seco, a construción industrializada e os lixeiros dispositivos para dar sombra, todo iso da man dos arquitectos europeos emigrados a Estados Unidos (Marcel Breuer, Walter Gropius e Richard Neutra, principalmente), sen esquecer a omnipresenza da obra americana de Mies van der Rohe. As referencias da súa arquitectura deixaron de ser locais: abandonou o labor artesanal do cal e o morteiro, o primoroso da factura manual, a arquitectura *química*, pesada e preindustrial, para retomar o espírito da vangarda do movemento moderno, saltar ao escenario internacional e abandonar a anódina tristura da arquitectura do réxime franquista.

Nesta nova andaina, construíu os talleres TABSA (Madrid, 1956-1958), un perfecto exemplo de arquitectura industrial cun magnífico manexo da luz natural que atravesa os dentes de serra. Pouco despois, e en colaboración con José Antonio Corrales e Ramón Vázquez Molezún, finalizou a residencia infantil de Miraflores de la Sierra (Madrid, 1957-1959), unha enorme cuberta inclinada paralela á pendente natural do terreo onde a paisaxe que, como anunciara en textos anteriores sobre a paisaxe, penetra no edificio sen a mediación de artificios formalistas.

Non obstante, e a pesar da xa seria traxectoria como arquitecto que tiña ás súas costas, por estas datas construíu os dous edificios —o

Gobierno Civil de Tarragona e o ximnasio do colexio Maravillas— que, sen dúbida, consolidarían a Alejandro de la Sota como unha das figuras máis importantes da arquitectura española da segunda metade do século XX, e que ademais, marcaron un listón difícil de superar nas súas obras posteriores, un listón que quizais sexa culpable da construción do seu propio mito e de certo constrinximento da súa figura.

A pesar de que ambas as dúas compartiron espazo simultaneamente no seu taboleiro de debuxo, case parecen dúas obras saídas de arquitectos distintos. No Gobierno Civil de Tarragona (1957-1964) a dislocación volumétrica dun programa mixto recorda os exercicios espaciais da obra de Paul Klee ou ao racionalismo italiano de Giuseppe Terragni, na persecución dun tipo moderno perfecto, nun canon que se perpetuou ao longo de décadas no imaxinario dos arquitectos españois. Os xogos irónicos de materiais emulan mediante técnicas artesanais aquilo que a industria da construción española non era capaz de producir entón: a tersura dunha pel pétreo ou as varandas da escaleira principal, construída mediante pregaduras dun artesán virtuoso, que emulan perfís industrializados.

Por outro lado, e cuns procesos de proxecto completamente diferentes, o ximnasio do colexio Maravillas (Madrid, 1960-1962) xa non pretende ser un modelo perfecto da ortodoxia moderna, senón que responde a unha situación moi específica, aínda que para iso se utilicen lóxicas modernas; o plan lóxico dos problemas conduce a un resultado claro, case o único posible. A audaz exhibición de pericia disciplinar e de capacidade inventiva leva as ensinanzas do moderno a uns extremos audaces sen necesidade de, por iso, construír un prototipo.

E paralelamente á construción destas obras, continuou escribindo algúns breves textos en diversas revistas especializadas, pero xa non como ensaios de temas que debe explorar, senón coa

conciencia de estar a falar desde a posición de mestre, de que a súa obra alcanzou a madurez e unha posición dificilmente discutible. Foi entón cando escribiu textos sobre a obra de Eduardo Chillida, senllos obituarios sobre Frank Lloyd Wright e Le Corbusier, e consellos aos estudantes de arquitectura, para derivar inmediatamente a formular o uso dos avances tecnolóxicos como única posibilidade de avance da arquitectura. Durante a década de 1960, e cando estaba enfrascado construíndo as súas obras máis *duras*, aquelas que ensaiaban con novos formatos prefabricados pesados nos que a lóxica construtiva parecía ensombrecer as súas propias calidades como deseñador, De la Sota construíu definitivamente o seu propio personaxe desde o seu illamento, como investigador de diversas tecnoloxías, como inventor de dispositivos, moi na liña do que podía estar a facer entón o seu admirado Jean Prouvé. A facilidade coa que establecía xogos case de maxia cos materiais, facendo uso deles en situacións imprevistas —a lixeireza dun aplacado de aparencia *pesada* no Goberno Civil de Tarragona ou as vivendas na rúa Prior de Salamanca, ou o armazón invertido do ximnasio Maravillas—, consolidou a súa figura como xenial manipulador de materiais, como habilísimo proxectista non dedicado á aplicación de impecables sistemas compositivos —como podería estar a facer o seu mestre Mies van der Rohe—, senón a buscar relacións case perversas entre os materiais e a súa posta en escena, todo iso pasado pola aplicación dunha lóxica *sui generis* que ten moito que ver con todo o aprendido da arquitectura popular na súa etapa anterior.

A finais da década de 1960, mentres continuaba avogando pola tecnoloxía da prefabricación, De la Sota publicou un dos seus textos fundamentais, “La grande y honrosa orfandad”, no que arremetía contra un exceso de erudición das novas linguaxes, contra a “terrible diversificación de esforzos pequenos e mesquiños con resultados tan grandes en mesquindade e pequenez”, nunha clara reacción contra os novos aires que estaban a penetrar na Escola de Arquitectura de Madrid. Cabe recordar que poucos anos antes, en 1966, saíran á luz dous dos textos clave que deron paso á arquitectura posmoderna: *Complexidade e contradición en arquitectura*, de Robert Venturi, e *A arquitectura da cidade*, de Aldo Rossi.

3. En 1970, Alejandro de la Sota presentouse á cátedra de Elementos de Composición da Escola de Arquitectura de Madrid cunha memoria pouco ortodoxa na que expoñía o seu xeito propio de entender o ensino sen recorrer a ningún aparelaxe académico: “O ensino supón unha transmisión dos principios explicitados desde o profesor ao alumno; se no primeiro se dá unha congruencia obra-pensamento, esta transferencia realízase de forma natural”. De la Sota perdeu a cátedra ante candidatos de gran calado erudito e as súas palabras non tiveron eco nunha escola politizada e que primaba un ensino “desorbitadamente desenvolvido, chegando a unha desequilibrada brillantez desta respecto a unha auténtica verdade en pensamento-obra”; a Escola de Madrid quedou así sen un dos seus grandes mestres de

arquitectos. Este revés, unido ao feito de perder un importante concurso de arquitectura ese mesmo ano —un extraordinariamente avanzado edificio de oficinas que utilizaba tecnoloxías do vidro que ata entón non se ensaiaran en España (sede de Bankunión, Madrid, 1970)—, fixo que De la Sota se encerrase no seu estudo da madrileña rúa Bretón de los Herreros, e decidise non volver pisar a Escola de Madrid e non querer saber nada da prensa especializada.

Poucos anos máis tarde, en 1974, Mariano Bayón publicou unha entrevista “Conversación con Alejandro de la Sota desde o seu arresto domiciliario”, texto que viría consolidar a súa figura mítica no panorama da arquitectura nacional. Desde o seu “arresto domiciliario”, De la Sota avogaba por esa arquitectura non arquitectónica, unha arquitectura afastada de toda cultura disciplinar, unha arquitectura encerrada en si mesma. A finais dese mesmo ano, a revista *Hogar y Arquitectura* publicou un número case enteira dedicado á súa traxectoria (un informe de oitenta páxinas asinado por Miguel Baldellou); simultaneamente, a revista *Nueva Forma*, dedicoulle un número enteiro á súa obra, e ao ano seguinte apareceu a súa primeira monografía dentro da colección *Artistas españoles contemporáneos*, tamén asinada polo propio Baldellou. A isto seguíronlle dous números parcialmente




Alejandro de la Sota: edificio de Correos y Telecomunicaciones. León, 1981-1984. Cortesía de Fundación Alejandro de la Sota

dedicados en dúas das revistas colexiais máis importantes do país: a madrileña *Arquitectura* e a catalá *Quaderns d'Arquitectura i Urbanisme*.

Foi nesta última onde en 1982 De la Sota publicou un dos seus textos máis importantes, "Por una arquitectura lóxica", no que se atrincheiraba nas posicións modernas fronte aos ataques do revisionismo posmoderno e onde sostiña un xeito lóxico e aínda moderno de facer arquitectura. É entón cando se radicaliza nas súas posturas e se enclaustra nunha depuración aparentemente autista afastada da cultura arquitectónica española, contrapoñendo o aprendido dos modernos cunha crítica ás posturas ideolóxicas de posta en crise ideolóxica da modernidade.

E mentres tanto, a súa obra pasara de utilizar os prefabricados pesados da década de 1960 —en obras como o complexo turístico en Bahía Bella (Mar Menor, Murcia, 1964-1966) ou a casa Varela (Villalba, Madrid, 1964-1968)— a fachadas lixeiras de chapa metálica, empregada por primeira vez no centro de cálculo da Caja Postal de Madrid (1972-1977) e, anos máis tarde, na casa Domínguez (A Caeira, Pontevedra, 1973-1978) e no edificio de Correos y Telecomunicaciones (León, 1981-1984). Neste último colocou en horizontal as pranchas de chapa metálica a rompexuntas para emular enormes perpiaños pétreos que se dobran nas ventás para formar uns armarios no interior e dar unha profundidade de muro falso de carga. Ao insuflar nobreza a un material deostado entón, a chapa Robertson, mediante xogos perversos de filiación case pop, Alejandro de la Sota deu un paso máis no seu entusiasmo polas técnicas de construción con materiais lixeiros sumándolles o concepto de *facilidade*.

Do mesmo modo que non se desvelan os instrumentos do proxecto máis alá da resolución de problemas, tampouco o fan



Alejandro de la Sota: Gobierno Civil. Tarragona, 1957-1964. Cortesía de Fundación Alejandro de la Sota

os esforzos do labor do arquitecto e de quen constrúe as obras. De la Sota presumía de que os seus edificios podían montarse e desmontarse cun simple desaparafusador, que nas súas obras "os obreiros non suaban", e esta reivindicación do traballo sen esforzo (case aristocrática), da liberación da laboriosidade manual, do artesán (que xa rexeitara na década de 1950), fixo que as últimas obras do arquitecto adquirisen certo aire de artefactos lúdicos, lixeiros, doados, que case daban risa.

4. Curiosamente, e en paralelo á construción deste personaxe aparentemente apartado do ambiente arquitectónico nacional, Alejandro de la Sota segue sendo a día de hoxe o arquitecto moderno español máis extensamente e mellor publicado. Non obstante, a pesar de que cada vez se coñece máis do personaxe e da súa obra, Alejandro de la Sota segue conservando o seu carisma. Á súa figura mítica de arquitecto cunha firme posición ética ante a profesión e un discurso lóxico e directo úneselle unha das traxectorias máis intensas e coherentes da historia recente da arquitectura española. A pesar de que as nosas circunstancias non son as súas, o seu legado continúa estando aí, listo para facer uso del. Calquera lectura que fagamos hoxe da súa obra debería pasar obrigatoriamente pola súa actualización, quizais pola súa desmitificación tamén, por facer noso o seu xeito tan singular de facer esa arquitectura que, como el sostiña, debería de escribirse cun *a minúscula*.



Alejandro de la Sota: pueblo de Esquivel. Sevilla, 1952-1963. Cortesía de Fundación Alejandro de la Sota

Extracto do texto de Moisés Puente, "Alejandro de la Sota, o la construcción de un mito", publicado en Carlos Asensio Wandosell e Moisés Puente (eds.), *Fisac / De la Sota*, La Fábrica e Fundación ICO, Madrid, 2013.

CGAC

DEPARTAMENTO DE PRENSA E COMUNICACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 632 / Fax: 981 546 625

cgac.prensa@xunta.es

www.cgac.org

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

Co apoio de:

